

# BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME II / NUM. 12  
SEMANAS 9-10/1987  
(1 ó 14 de Marzo)

  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
E SEGURIDADE SOCIAL

24 DE XULIO DE 1987

## *Plan Autonómico sobre Drogodependencias*

Antes de pasarmos a describir, de forma necesariamente breve nesta entrega, a filosofía e as liñas mestras do Plan Autonómico sobre Drogodependencias (PAD) da Comunidade Autónoma galega, convén que nos deteñamos un chisco nalgunhas cuestións fundamentais, que as son por configuraren o punto de partida.

As primeiras preguntas xorden, penso, de contado: ¿Por que un plan sobre drogodependencias?; e a segunda: ¿por que un plan autonómico? Tentaremos responder sucintamente.

Non se revela nada novo se dicimos que a atención ás drogodependencias colleu no seu momento desprevenida á Administración en tódolos seus niveis e, hai que dicilo xa, ós profesionais, ós programas de formación universitaria e á sociedade en xeral. A resposta que se deu daquela consistiu en subvencionar distintos tipos de proxectos que tiñan como obxectivo atender esa demanda que empezaba a ser, sobre todo, desacougante. Esta vía, que existiu durante aproximadamente unha década ata case 1986, xerou, a grandes rasgos, dúas consecuencias diferentes cualitativamente: unha positiva e outra negativa. Positiva por canto impulsou a aparición de moi diversos enfoques asistenciais, ofrecéndose así un abano de respostas máis ou menos amplo e específico (mesmo ás veces superespecífico), o que en teoría proporcionaba unha maior cobertura do problema. Negativa no senso de que esa urxencia de dispositivos se produciu nun con-

texto de desorganización absoluta no que primaba o principio de «facer cousas» (así como algún que outro «personalismo») deixando para os últimos lugares a avaliación do emprendido e, polo tanto, o sentido do realizado. Pero certamente esta situación non é máis que repetición do que ten pasado na historia das ciencias da saúde con outros trastornos ou problemas.

Sendo así, xorde a necesidade por parte de tódalas administracións (central, autonómicas e locais) de coordinar e ordenar as accións acometidas neste eido. Aparece en 1985 un documento de principios xerais elaborado por todas elas e no que participa a Xunta de Galicia; é o **Plan Nacional sobre Drogas**, que durante 1986 vai tomando corpo ó se concretar eses principios nunhas medidas específicas. E aparecen, con carácter de mutua complementariedade, os distintos plans autonómicos, incluído o **Plan Autonómico sobre Drogodependencias de Galicia**. Quérese dicir, polo tanto, que existe a unívoca decisión técnica e administrativa de ofrecer unha **resposta planificada** ós problemas derivados do consumo de drogas.

O Plan Autonómico sobre Drogodependencias do territorio histórico de Galicia naceu co desexo de aglutinar todo canto esforzo existía, existe e poida surxir no futuro para o manexo deste problema. Pero este Plan non é só un conxunto de programas e de medidas legislativas artellados ó redor duns principios xerais e dunhas liñas mes-



tras. O PAD intégrano realmente tódolos profesionais que traballan no campo das drogodependencias en Galicia e non só a Administración autonómica; e lévano a cabo cada día co seu traballo. Esta cuestión é especialmente relevante posto que a responsabilidade dos froitos do PAD corresponde, en non pequena medida, a estes profesionais e máis concretamente ós profesionais que traballan nos centros asistenciais de drogodependencias. Os beneficios do Plan son, deste xeito, directamente proporcionais ós esforzos coordinados destes axentes de saúde cos que se contou, se conta e se contará para a elaboración dos programas que se emprendan. Todo isto quere dicir, en definitiva, que a hora dos individualismos, dos personalismos e de conductas semellantes pasou á historia ou, máis exactamente, ten que chegar a ser historia.

Entre outros hai tres **principios** que son fundamentais para comprender adecuadamente o Plan Autonómico sobre Drogodependencias. Son os seguintes: coordinación en colaboración, integración e continuidade terapéutica.

**Coordenación en colaboración** quere dicir en primeiro lugar que calquera acción que se emprenda neste campo non se debe tomar illadamente nin sen que estean suficientemente comprobadas ás súas consecuencias positivas. Polo tanto, toda acción debe ir precedida dunha reflexión e experimentación das súas implicacións. En segundo lugar, este principio manifesta a necesidade de homoxeneiza-las accións, o cal non é sinónimo de uniformizar. En terceiro lugar, ponse énfase en que as accións que se realicen teñen que estar motivadas pola consecución dun fin que debe ser común ós profesionais que as vaian levar a cabo: diminuí-la incidencia e a prevalencia de consumo de drogas, da drogodependencia e mais dos problemas derivados destes estados na poboación galega. O único protagonismo que se debe contemplar é o da persoa, o grupo e a familia afectada por un proceso deste tipo. E ningún máis.

O segundo principio, a **integración**, é un concepto importantísimo e o que lle confire ó PAD perspectiva de futuro. Planificamos desde e no momento presente, pero poñendo a vista nos próximos anos e aínda máis alá. Isto dimensiona a nosa tarefa. Concretamente a integración enuncia o noso proxecto de que a atención os problemas por consumo de drogas ten que ser contemplada nos servizos xerais sanitarios e sociais, isto é, na organización dun servizo integral e xeral de saúde que será o Servizo Galego de Saúde. E dificilísimo conseguir rehabilitar e inserir a un consumidor de drogas e/ou drogodependentes segregándoo en centros específicos ou incluso superespecíficos. Isto mantén a marxinação que queremos superar, a

que se dá nas modernas leproserías, antituberculosos, etc. Fomentar ou simplemente deixar permanecer estas estruturas, amais de non ser beneficioso para o paciente —o baixo índice de recuperacións ten tamén esta lectura—, supoñería ter que desmontar estes dispositivos no futuro, como se fixo ó longo da historia das ciencias da saúde cos seus equivalentes.

¿Como se vai producir esta integración? A Consellería de Sanidade e Seguridade Social conta coa Comisión Galega de Saúde Mental que está poñendo a punto o Plan Galego de Saúde Mental. Nel contéplase a asistencia ás drogodependencias a través do INGASAM (Instituto Galego de Saúde Mental) en coordinación cos outros dispositivos da rede sanitaria xeral e os servizos sociais, e todo dentro do marco do Servizo Galego de Saúde.

O outro gran principio é o da **continuidade terapéutica**. Con el referímonos á imprescindible liña continua que debe supoñer-lo proceso de tratamento dun paciente: desde o seu primeiro contacto coa rede de atención (sexa no punto que sexa: médico xeral, traballador social dun servizo social de base, centro específico de drogodependencias, etc.) ata que a persoa está xa integrada no seu medio e libre de toda dependencia. A continuidade terapéutica esixe, xa que logo, os dous principios anteriores. Esixe o seguimento do caso desde a acollida alí onde se produza ata a alta definitiva.

Estes principios remitímonos ós obxectivos xerais do PAD, a saber, a prevención, a asistencia, a inserción ou reinserción social e a formación e investigación das drogodependencias, así como a coodenación das accións emprendidas. Antes de continuar cómpre establecer claramente que a actualidade o Plan Autonómico sobre Drogodependencias de Galicia, en virtude do nivel de competencias transferidas pola Administración central á Xunta de Galicia, só pode contemplar medidas legislativas e programas de intervención dirixidos a reduci-la demanda do consumo de drogas. A outra vertente, a redución da oferta, isto é, a represión do tráfico de drogas, é competencia da Delegación do Goberno en Galicia en coordinación cos gobernadores civís.

Estes cinco obxectivos desenvólveos a Administración autonómica galega a través dun órgano creado por ela co fin de asumi-las competencias sinaladas: a Comisión Galega de Prevención e Loita contra a Drogodependencia. Esta comisión é a encargada, en definitiva, de establece-lo Plan Autonómico. Nela conflúen as accións emprendidas neste ámbito polos diferentes departamentos da Xunta, os cales someten á consideración daquela e, de se-lo caso, á aprobación os programas que configuran o PAD. No anteprojecto, o presuposto do



mesmo para este ano de 1987 ascende a máis de 200.000.000 de pesetas investidos en programas específicos de intervención, distribuídos segundo os obxectivos mencionados.

Tales obxectivos ou liñas mestras do Plan describímoslos brevemente a continuación, e deixamos para un artigo posterior o seu desenvolvemento por programas e o estado actual dos mesmos.

a) Prevención. Incidindo en diferentes sectores, os programas neste ámbito diríxense a xerar actitudes de saúde na poboación de tal xeito que se faga refractaria ó consumo de drogas. A prevención non irá nunca dirixida a rapaces, senón a profesores, mestres e tutores de EXB e BUP-FP e a pais, fundamentalmente, tendo en conta os resultados de diferentes estudos que ofrecen resultados contrapreventivos das actividades dirixidas a xoves, directamente por profesionais.

b) Asistencia. Trátase aquí de dispoñer dos medios materiais e humanos precisos para que os suxeitos que consumen e/ou dependen das drogas poidan segui-lo tratamento máis axustado á problemática individual do caso, conforme os diferentes programas postos en marcha.

c) Inserción e reinserción social. Os programas neste ámbito van dirixidos a que as persoas para as que as drogas supoñen un problema de vida teñan a posibilidade de se integrar ou reintegrar na sociedade da que forman parte. Por iso estas medidas teñen que fuxir de seren moi específicas e deberán implicar a persoas con outro tipo de problemas.

d) Formación e investigación. A programación deste apartado é soporte importante das accións emprendidas nos outros ámbitos. Formar educadores, axentes sociais en xeral e formar continuamente ós profesionais que traballan no campo das drogodependencias son as accións emprendidas aquí, xunto co estímulo e apoio á investigación rigorosa e científica.

e) Coordinación. O fin dos programas de coordinación radica en facer posible a eficacia de toda a programación do PAD. Para abordar con coherencia o problema da drogodependencia teñen que estar coordinados tódolos sectores implicados: a Administración nos seus diferentes niveis, os profesionais, os centros asistenciais, etc. Desenvólvese aquí en medidas concretas a necesidade de coordinación sinalada ó principio deste artigo. A Sección de Drogodependencia do Servizo de Saúde Mental da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e Seguridade Social e maila Comisión Galega de Prevención e Loita contra a Drogodependencia son, no seu diferente nivel de coordinación, órganos importantes neste labor. Cóm-

pre salientar tamén o alto grao de coordinación e colaboración mutua entre o Plan Nacional Sobre Drogas e o Plan Autonómico sobre Drogodependencias de Galicia.

### ***Premios Xunta de Galicia para traballos científicos da investigación sobre drogodependencias***

El Plan Autonómico sobre Drogodependencias de Galicia (PADG) contempla como uno de sus programas el fomento y apoyo a la investigación en este campo.

Es sabido que el fenómeno de las drogodependencias está en constante evolución y cambio. En 1979 era un problema de reciente aparición, no sólo en Galicia sino también en el resto del Estado Español. Actualmente las características que configuran esta problemática difieren en ciertos aspectos de aquellas planteadas entonces. Por otra parte, si queremos intervenir lo más eficazmente posible sobre un fenómeno, será muy conveniente disponer de una serie de datos que lo monitoricen, con el fin de ir adaptando a esa realidad dinámica las acciones que se planifican sobre el problema-objetivo. En síntesis éstas son las razones que nos han motivado a crear estos Premios que ciertamente nacen con vocación de continuidad futura.

Esta convocatoria supone para la Xunta de Galicia, para la Consellería de Sanidad y Seguridade Social así como para la Comisión Galega de Prevención en Loita contra a Drogodependencia un esfuerzo importante. Pero también representa, por las razones expuestas, motivo de satisfacción. Si bien en esta primera convocatoria las dotaciones no son todo lo adecuado que quisiéramos, esperamos sin embargo poder incrementarlas significativamente el año próximo. Nuestro apoyo a la investigación es firme y continuará siéndolo.

Orde do 21 de abril de 1987 pola que se convoca a primeira edición dos «Premios Xunta de Galicia para traballos científicos da investigación sobre drogodependencias».

Dentro da programación establecida no marco do Plan Autonómico sobre drogodependencias, proxeitou convocar premios de investigación co fin de estimular-la investigación científica das drogodependencias en Galicia de maneira que dela se deriven pautas de actuación futura neste campo.

Presentada esta proposta perante a Comisión Galega de Prevención e Loita contra a Drogodependencia, que a aprobou na reunión do 12 de decembro de 1986, cómpre facer públicas as bases polas que se convocan os mencionados premios.





# CIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL

7 DO 1 ó 14 DE MARZO

PAROTIDITE (072)		PROCESOS DIARREICOS OUTROS (006-009)		RUBEOLA (056)		REUMATISMO CARDIO-VASCULAR (290-392)		SARAMELO (055)		SIFILE PRIMARIA-SECUNDARIA (091-092)		TOS FERINA (033)		TUBERCULOSE RESPIRATORIA (010-012)		VARICELA (052)		PROCESOS RESPIRATORIOS (I.R.A.) (460-466)		INTOXICACIÓNS ALIMENTARIAS (003 e 005)		OUTRAS E. D. O.	
1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987		1987	
Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
	4	14	43		1								2			16	50	303					1
	3	8	30		2									1		6	15	136	740				2
14	22	4	19		1			8	8		1				6	32	60	635				3	
1	5	16	85								1					2	313	1.878				4	
1	4	207	860	4	12			19	45		5	5	23	7	29	191	710	6.470				5	
13	22	12	46						2				8	1	4	11	83	1.022				6	
3	10	28	93					23	40			1	2		6	71	274	1.400				7	
	1	49	230												15	42	272	1.209				8	
	1	19												1								9	
5	8	24	113		4								3		12	27	427	2.628				10	
		16	76											2		8	340	2.109				11	
		59	194								1				2	156	784					12	
	11		1.658		11				1		5	23	3	33		170		12.977				13	
		25	65		3				1		2				11	75	272	1.823				14	
	6	13	27						1						17	40	32	218				15	
	9	80	260		1							2	5		16	60	381	1.940				16	
		26	118		2				1		1				17	151	164	1.006				17	
2	9	13	50		4			2	4						11	50	29	154				18	
3	8	13	70	18	34			4	16			3	7		30	81	243	1.271				19	
1	1	2	24										6				49	338				20	
2	5	26	121		5			2	6		1		1		32	115	320	1.807				21	
		9	36										1		4	24	144	538		2		22	
		22	117													1	143	542				23	
1	6	33	110		4										37	85	129	752				24	
	6	13	92		6			6	33						7	140	113	592				25	
	1	13	77		1			1	1					1	1		2	31	265			26	
	1	2	58		5				1						1	8	33	127				27	
3	4	44	212		1										19	79	186	1.142				28	
	2	20	103	1	5				2		1			1	23	72	557	2.776				29	
2	7	83	381	2	3		3							1	3	19	159	1.153	6.245			30	
		9	61												1	1	6	49	252		2	2	31
		36	232												3	136	138	845				32	
		6	26						5					1	17	121	203	760				33	
																39	398					34	
	6	1	28									2	2		3	24	41	188				35	
1	5	206	993		1			1	1		1	2	13	4	13	70	305	1.467	7.035			36	
	3	7	29				1	1								5	17	86				37	
		16	92										1				228	1.229				38	
		18	63				1	1			1			3	10		126	788		1	2	39	
	2	10	46	4	4			1	1					2	54	100	93	633				40	
2	2	268	354	4	4					5	10			5	11	143	194	1.940	3.307		2	41	
		11	72				1								40	147	137	669				42	
		10	58	1	2		1					1	1		2	35	98	163	1.213			43	
25	59	15	55											1	20	106	45	402				44	
		75	245	1	1				5					1	2	3	82	369		2		45	
	34	18	66		1										24	189	133	573				46	
		1	76											3	5	51	80	776				47	
		24	121					10		1	1	1			4	38	92	660				48	
		20	116		1									2	3	14	49	69	634			49	
		11	67			1	2							1	1	10	37	350	1.990			50	
															1			116	272			51	
		17	51				1							1	1		2	186	1.015			52	
		2												2	3	2	4	45	275			53	
		16	67		1				7	1					1	7	205	1.420				54	
	1		10													1	135	682				55	
		1	9													3	1	7				56	
		6	21				1								2	111	552					57	
		52	249	2	12			19	24	2	1	1	3	8	3	38	683	2.776	1	2		58	
		1	5						4							14	41	177				59	
																							60
		11	101		1											2	64	432				61	
	1	25	124												1	17	325	2.301				62	
		14	54						3						1	5	172	1.097				63	
4	7	32	130	2	2	2	2	2	3			1		25	80	278	1.472					64	
		16	46		3											4	98	565				65	
										2							14	211				66	
97	414	22	94		2				1		1				2	5	776	4.721				67	
		98	384		1			2	9	1	1		2		2	3	45	636	3.476			68	
		24	100		1			1	5					2	9	40	338	1.815				69	
1	2	33	218		1	1	1	1	2			2	2	8	43	99	608	4.148		2	4	70	
	2		30		6			1	23						9	53	122	845		2	4	71	
	1	10	59		1										1	47	687					72	
5	12	7					1								3	9	91	654				73	
	1	1	7		1												105	707				Outras-6	74
		33	153				1			1				2	4	2	31	198	1.459			75	
2	9	4	16	1	1			1	4						1	4	50	314				76	
		12	40						29						2	11	69	378				77	
	2	9	45					5	64					1	3	14	120	626		2		78	
3	3	23	81	12	12	2		1	1	1	1	6	6	1	2	10	56	413	1.739			79	
		1	8													1	1	57	346		2		80



En consecuencia, en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6 e 36.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente,

### DISPOÑO:

Artigo único.—

A Consellería de Sanidade e Seguridade Social convoca a primeira edición dos «Premios Xunta de Galicia para traballos científicos de investigación sobre drogodependencias», de acordo coas seguintes.

### BASES:

Primeira.—

O tema será libre e de investigación dentro do campo das drogodependencias.

Segunda.—

Poderán optar a estes premios tódolos profesionais do Estado español, de acordo coas seguintes prioridades:

a) Terán preferencia os traballos realizados en Galicia e/ou referidos á problemática do consumo de drogas ou drogodependencia na Comunidade Autónoma galega.

b) Terán preferencia os traballos realizados por equipos multidisciplinares.

Terceira.—

Os orixinais, que deberán ser inéditos, terán unha extensión mínima de 50 follas tamaño DIN A-4, excluindo delas os gráficos, esquemas, debuxos, etc. así como as referencias bibliográficas que deberán presentarse de acordo coa seguinte normativa:

a) Enumeraranse por orde de aparición no texto, figurando o número entre parénteses, relacionándose ó final do traballo.

b) Para as revistas: citaranse tódolos autores, empregando o ou os apelidos, separándose a inicial do nome por unha coma, e separando cada autor por un punto e coma. Título do artigo na súa lingua orixinal, nome completo da revista, ano de aparición, volume e indicando a primeira e a derradeira páxina.

c) Para artigos de libros: o/s autor/es citaranse na mesma orde que no caso das revistas, gardando a seguinte secuencia autor/es do artigo do libro, título do capítulo, autor/es e título do libro completo, edición, editorial, cidade e ano, indicando a primeira e derradeira páxina.

d) Para libros completos: o/s autor/es citara(n) se da mesma maneira que nos casos anteriores, seguido do título, edición, editorial, cidade e n.º de páxinas.

Cuarta.—

Os traballos estarán redactados en galego ou castelán, así como o resume dos mesmos, que non excederá de 7 follas tamaño DIN A-4 sen gráficos, esquemas, etc. e será encabezado por palabras clave que permitan unha rápida clasificación temática do traballo.

Quinta.—

Os traballos enviaranse en sobre pechado á Dirección Xeral de Saúde Pública, Consellería de Sanidade e Seguridade Social, Edificio Administrativo San Caetano-Bloque 2-2.º, Santiago de Compostela, baixo lema ouseudónimo, que incluirá o traballo, e outro sobre, tamén pechado, no exterior do cal figurará o mesmo lema ouseudónimo e no interior conterà o/os nome/s, profesión, cargo, se o tivese(n), centro de traballo e experiencia no campo da drogodependencia do/s autor/es. En primeiro lugar constará o nome do director do traballo. A experiencia en drogodependencias deberá estar debidamente acreditada, así como que pertence ó centro de traballo sinalado e a antigüidade no posto. Enviaranse 7 copias do traballo.

Sexta.—

A presentación dos traballos supón a plena aceptación de tódalas bases desta convocatoria.

Sétima.—

O prazo para a recepción de traballos rematará o día 15 de setembro de 1987.

A decisión do xurado, que será inapelable, producirase na primeira quincena do mes de novembro de 1987.

Oitava.—

A contía dos premios é a seguinte:

a) Primeiro premio: diploma e 200.000 ptas.

b) Segundo premio: diploma e 100.000 ptas.

c) Un accésit dotado con 50.000 ptas. e diploma.

Estos premios irán con carga á aplicación presupostaria 08/02/313A/440, existindo o crédito presupostario suficiente.

Novena.—

Os premios poderán ser declarados desertos.

O primeiro premio adxudicarase ó traballo no que concorran circunstancias que signifiquen un aporte valioso para a aplicación práctica das súas conclusións na atención dos problemas derivados do consumo de drogas ou drogodependencias na Comunidade Autónoma galega.

O segundo premio adxudicarase ó traballo que inicie ou desenvolva unha liña de investigación prometedora.



Décima.—

O xurado estará integrado por:

Presidente: Conselleiro de Sanidade e Seguridade Social ou persoa na que delegue.

Vicepresidente 1.<sup>o</sup>: Director Xeral de Saúde Pública.

Vicepresidente 2.<sup>o</sup>: Director Xeral de Asistencia Sanitaria e Seguridade Social.

Vocais: un Subdirector Xeral do Plan Nacional sobre Drogas, o Director do Programa Nacional de Toxicomanía da Cruz Vermella Española, o Xefe do Servicio de Saúde Mental, o Xefe da Sección de Drogodependencias.

Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Décimo primeira:

Os traballos gañadores serán publicados pola Consellería de Sanidade e Seguridade Social. Os non premiados poderán ser publicados dependendo do seu contido e interese, que será valorado polo xurado. Aqueles traballos que non sexan premiados nin publicados serán devoltos ós seus autores, no caso de que así o soliciten.

Décimo segunda.—

Os dereitos de autor dos traballos publicados pasarán a ser propiedade da Consellería de Sanidade e Seguridade Social.

#### DISPOSICIONS DERRADEIRAS:

Primeira.—

Esta Orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda.—

Facúltase ó Director Xeral de Saúde Pública para o desenvolvemento e execución desta orde.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 1987

Xosé María Hernández Cochón

Conselleiro de Sanidade e Seguridade Social

#### MAYOR INFORMACION:

Consellería de Sanidade e Seguridade Social

Dirección Xeral de Saúde Pública

Plan Autonómico sobre Drogodependencia

Edif. Admtvo. San Caetano, 2-2.<sup>o</sup>.

Teléfono 981/56 10 10 (ext. 2080-2183)

SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### *Creación de la comisión asesora de diabete en Galicia*

Pola Orde do 30 de marzo de 1987 da Consellería de Sanidade e Seguridade Social, publicada no D.O.G.A. do 11 de maio do mesmo ano, créase a Comisión Asesora da Diabete en Galicia coas funcións de:

a) Asesorar con respecto ós aspectos preventivos, educativos, profilácticos, asistenciais e rehabilitadores da enfermidade.

b) Potenciar e asesora-los estudos epidemiolóxicos que permitan coñece-la incidencia e prevalencia da diabete na nosa Comunidade.

c) Fomentar e coordena-lo asociacionismo dos afectados co fin de garantir unha máxima rendabilidade sanitaria na información emanada da propia Comisión.

Facúltase ó Director Xeral de Saúde Pública para o desenvolvemento e execución desta Orde.

Celebrada a súa primeira reunión o día doce de Xulio, quedou constituída cos seguintes membros:

—D. José M.<sup>a</sup> Hernández Cochón. Conselleiro de Sanidade e S. Social.

—D. Rafael Juane Sánchez. Director General de Saúde Pública.

—Dña. Teresa Iglesia Reimunde. Membro da Sociedade Galega de Endocrinoloxía.

—D. Ricardo García. Jefe da Sección de Endocrinoloxía. H. Xeral de Vigo.

—D. Xosé Ignacio Vidal Pardo. Especialista en Endocrinoloxía. Ambulatorio «Cedron del Valle». Lugo.

—D. Ovidio Vidal. Jefe Sección de Endocrinoloxía. C. Sanitaria «Juan Canalejo».

—D. Manuel Suárez. Especialista en Endocrinoloxía. Ambulatorio Especialidades. Ourense.

—D. Enrique Castellón. Representante do INSALUD.

—Dña. Rosa Pico Eimil. Representante da Asociación de Diabéticos da Coruña.

—D. Félix León Román. Membro da Asociación de Diabéticos de Vigo.

—D. Miguel Santalices Vieira. Representante da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria. Funcionario da Consellería de Sanidade e S. Social.

—D. Jorge Hervada. Representante da Dirección Xeral de Saúde Pública. Funcionario da Consellería de Sanidade e Seguridade Social.

—D. Manuel Sánchez Salorio. Colaborador. Catedrático de Oftalmoloxía da Universidade de Santiago.

—D. Manuel Pombo Arias. Colaborador. Xefe do Servicio de Endocrinoloxía Pediátrica do Hospital Xeral de Galicia.

—Dña. Pilar Castro López. Secretario. Funcionario da Consellería de Sanidade e Seguridade Social.

Na devandita reunión constituinte tómase o acordo de difundir a tódolos sanitarios, a través das publicacións periódicas da Consellería, a súa creación e acordos prácticos que progresivamente se vaian adoptando co fin de aunar, canalizar, coordinar e impulsa-los esforzos que dende diversos puntos de Galicia se veñan realizando.



# CONCELLOS E AGREGACIÓN COMARCAL

(NIVEL VI MAPA SANITARIO DE GALICIA)

<b>COMARCA DE CEDEIRA</b> Concello de Cedeira Concello de Cerdido	<b>COMARCA DE ORDES</b> Concello de Tordona Concello de Ordes Concello de Mesía Concello de Frades Concello de Oroso	Concello de Pontevedra Concello de Cotabade Concello de Vilaboa Concello de Ponte-Caldelas Concello de A Lama	<b>COMARCA DE A FONSAGRADA</b> Concello de A Fonsagrada Concello de Nequeira de Muñiz	Concello de Ribadavia Concello de Castelo de Miño Concello de Arnoia Concello de Cortegada
<b>COMARCA DE ORTIGUEIRA</b> Concello de Ortigueira Concello de Mañón	<b>COMARCA DE CURTIS-TEIXEIRO</b> Concello de Curtis Concello de Vilasantar Concello de Sobrado	<b>COMARCA DE FORCAREI</b> Concello de Cerdedo Concello de Forcarei	<b>COMARCA DE GUITIRIZ</b> Concello de Guitiriz	<b>COMARCA DE OURENSE</b> Concello de Vilamarín Concello de A Peroxa Concello de Os Peares Concello de Amoeiro Concello de Coles
<b>COMARCA DE NARÓN</b> Concello de Valdoviño Concello de Narón Concello de San Sadurniño Concello de Moeche Concello de Neda	<b>COMARCA DE SANTIAGO</b> Concello de Val do Dubra Concello de Trazo Concello de Ames Concello de Santiago Concello de O Pino Concello de Boqueixón	<b>COMARCA DE MARÍN</b> Concello de Bueu <b>COMARCA DE CANGAS</b> Concello de Cangas Concello de Moaña	<b>COMARCA DE RÁBADE</b> Concello de Begonte Concello de Rábade Concello de Outeiro de Rei	Concello de Nogueira de Ramuín Concello de Ourense Concello de Pereiro de Aguiar Concello de Toén Concello de Barbadás Concello de San Ciprián de Viñas
<b>COMARCA DE AS PONTES</b> Concello de Somozas Concello de As Pontes	<b>COMARCA DE SANTIAGO</b> Concello de O Pino Concello de Boqueixón Concello de Touro Concello de Brión Concello de Teo Concello de Vedra	<b>COMARCA DE REDONDELA</b> Concello de Soutomaior Concello de Redondela Concello de Pazos de Borbén Concello de Fornelos de Montes	<b>COMARCA DE LUGO</b> Concello de Castro de Rei (metade Sur) Concello de Friol Concello de Lugo Concello de Guntín Concello de O Corgo Concello de Portomarín Concello de Taboada	<b>COMARCA DE MACEDA</b> Concello de Espos Concello de Xunqueira de Espadanedo Concello de Pademe de Allariz Concello de Baños de Molgas Concello de Vilar de Barrio
<b>COMARCA DE FERROL</b> Concello de Ferrol	<b>COMARCA DE MELIDE</b> Concello de Boimorto Concello de Arzúa Concello de Melide Concello de Toques Concello de Santiso	<b>COMARCA DE VAL MIÑOR-PANXÓN</b> Concello de Nigrán Concello de Baiona Concello de Gondomar	<b>COMARCA DE CASTROVERDE</b> Concello de Castroverde Concello de Baleira	<b>COMARCA DE CASTRO-CALDELAS</b> Concello de Parada do Sil Concello de A Teixeira Concello de Castro-Caldelas Concello de Montederramo
<b>COMARCA DE FENE</b> Concello de Ares Concello de Mugarodos Concello de Fene Concello de Capela	<b>COMARCA DE MUROS</b> Concello de Carnota Concello de Muros	<b>COMARCA DE PORRIÑO</b> Concello de Mos Concello de Porriño Concello de Salceda de Caselas	<b>COMARCA DE PALAS DE REI</b> Concello de Palas de Rei	<b>COMARCA DE A POBRA DE TRIVES</b> Concello de San Xoán de Río Concello de A Pobra de Trives Concello de Chandrexa de Queixa Concello de Manzaneda
<b>COMARCA DE PONTEDEUME</b> Concello de Cabanas Concello de Pontevedra Concello de Miño Concello de Vilarmarín Concello de Monfero	<b>COMARCA DE NOIA</b> Concello de Outes Concello de Noia Concello de Lousame Concello de Porto do Son	<b>COMARCA DE PONTEAREAS</b> Concello de Ponteareas Concello de Mondariz-Balneario Concello de Mondariz Concello de Covelo	<b>COMARCA DE SARRIA</b> Concello de O Páramo Concello de Sarria Concello de Lãncara Concello de Paradela Concello de O Incio Concello de Samos Concello de Triacastela	<b>COMARCA DE VIANA DO BOLO</b> Concello de A Veiga Concello de Vilarinho de Conso Concello de Viana do Bolo
<b>COMARCA DE CEE</b> Concello de Muxia Concello de Dumbria Concello de Cee Concello de Fisterra Concello de Corcubión Concello de Ezaro-O Pindo (zona asimilada)	<b>COMARCA DE PADRÓN</b> Concello de Rois Concello de Padrón Concello de Dodro Concello de Pontecuesures Concello de Valga	<b>COMARCA DE A CAÑIZA</b> Concello de A Cañiza Concello de Crecente Concello de Arbo	<b>COMARCA DE MONTERROSO</b> Concello de Antas de Ulla Concello de Monterroso	<b>COMARCA DE CELANOVA</b> Concello de Cartelle Concello de A Merca Concello de Gomezedo Concello de Ramirás Concello de Celanova Concello de A Bola Concello de Pontevedra Concello de Padrenda Concello de Quintela de Leirado Concello de Verca
<b>COMARCA DE VIMIANZO</b> Concello de Camariñas Concello de Vimianzo (Parroquias de Allo, Baio e Vilar (Zas))	<b>COMARCA DE BOIRO</b> Concello de Boiro Concello de Rianxo	<b>COMARCA DE A GUARDA</b> Concello de Oia Concello de O Rosal Concello de A Guarda	<b>COMARCA DE SARRIA</b> Concello de O Páramo Concello de Sarria Concello de Lãncara Concello de Paradela Concello de O Incio Concello de Samos Concello de Triacastela	<b>COMARCA DE VIANA DO BOLO</b> Concello de A Veiga Concello de Vilarinho de Conso Concello de Viana do Bolo
<b>COMARCA DE PONTECESO</b> Concello de Malpica Concello de Ponteceso Concello de Cabana Concello de Laxe	<b>COMARCA DE RIBEIRA</b> Concello de A Pobra do Caramiñal Concello de Ribeira	<b>COMARCA DE SALVATERRA DE MIÑO</b> Concello de Salvaterra de Miño Concello de As Neves	<b>COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS</b> Concello de O Saviñao Concello de Bóveda Concello de Pantón Concello de Monforte de Lemos Concello de Pobra de Brollón Concello de Sober	<b>COMARCA DE ALLARIZ</b> Concello de Taboadela Concello de Allariz Concello de Xunqueira de Ambia
<b>COMARCA DE CARBALLO</b> Concello de Laracha Concello de Carballo Concello de Coristanco	<b>COMARCA DE A ESTRADA</b> Concello de A Estrada Concello de Cumtás	<b>COMARCA DE VIVEIRO</b> Concello de Viveiro Concello de Ourense	<b>COMARCA DE QUIROGA</b> Concello de Folgoso de Courel Concello de Quiroga Concello de Ribas de Sil	<b>COMARCA DE BANDE</b> Concello de Bande Concello de Lobeira Concello de Entrín Concello de Lovios Concello de Muíños
<b>COMARCA DE ARTEIXO</b> Concello de Arteixo	<b>COMARCA DE LALÍN</b> Concello de Vila de Cruces Concello de A Golada Concello de Silleda Concello de Lalín Concello de Rodeiro Concello de Dozón	<b>COMARCA DE MONDOÑEDO</b> Concello de Mondoñedo Concello de Lourenzá	<b>COMARCA DE O BARCO</b> Concello de A Rúa Concello de Vilamartín de Valdeorras Concello de O Barco Concello de Rubiá Concello de Carballeda Concello de Larouco Concello de Petín Concello de O Bolo	<b>COMARCA DE XINZO DE LIMIA</b> Concello de Rairiz de Veiga Concello de Vilar de Santos Concello de Sandiás Concello de Porqueira Concello de Xinzo de Limia Concello de Trasmirás Concello de Calvos de Randín Concello de Blancos Concello de Baltar Concello de Sarreaus
<b>COMARCA DE A CORUÑA</b> Concello de A Coruña	<b>COMARCA DE VILAGARCÍA DE AROUSA</b> Concello de Catoira Concello de Vilagarcía de Arousa	<b>COMARCA DE RIBADEO</b> Concello de Barreiros Concello de Ribadeo Concello de Trabada	<b>COMARCA DE O CARBALLIÑO</b> Concello de O Irixo Concello de Piñor de Cea Concello de San Cristovo de Cea Concello de Beariz Concello de Boborás Concello de O Carballiño Concello de Maside Concello de San Amaro Concello de Punxín	<b>COMARCA DE VERÍN</b> Concello de Laza Concello de Castelo de Val Concello de Cualedro Concello de Monterrei Concello de Ombra Concello de Verín Concello de Vilardevós
<b>COMARCA DE CULLEREDO-O BURGO</b> Concello de Culleredo Concello de Cambre Concello de Carral Concello de Cerceda	<b>COMARCA DE CALDAS DE REIS</b> Concello de Caldas de Reis Concello de Portas Concello de Moraña	<b>COMARCA DE VILALBA</b> Concello de Muras Concello de Xermade Concello de Vilalba Concello de Abadín Concello de Cospeito	<b>COMARCA DE RIBADAVIA</b> Concello de Avión Concello de Leiro Concello de Cenlle Concello de Carballeda de Avia Concello de Beade Concello de Melón	<b>COMARCA DE A GUDIÑA</b> Concello de Rios Concello de A Gudiña Concello de A Mezquita
<b>COMARCA DE OLEIROS</b> Concello de Oleiros Concello de Sada	<b>COMARCA DE VILANOVA DE AROUSA</b> Concello de Vilanova de Arousa	<b>COMARCA DE MEIRA</b> Concello de A Pastoriza Concello de Riotorto Concello de A Pontenova Vilaodríz Concello de Meira Concello de Ribeira de Piquín Concello de Pol Concello de Castro de Rei (metade Norte)		
<b>COMARCA DE BETANZOS</b> Concello de Bergondo Concello de Betanzos Concello de Paderne Concello de Irixoa Concello de Abegondo Concello de Oza dos Ríos Concello de Coirós Concello de Aranga Concello de Cesuras	<b>COMARCA DE CAMBADOS</b> Concello de Cambados Concello de Ribadumia Concello de Meis			
<b>COMARCA DE SANTA COMBA</b> Concello de Zas Concello de Santa Comba Concello de Mazaricos	<b>COMARCA DE O GROVE</b> Concello de O Grove			
<b>COMARCA DE NEGREIRA</b> Concello de A Baña Concello de Negreira	<b>COMARCA DE SANXENXO</b> Concello de Sanxenxo Concello de Meaño			
	<b>COMARCA DE PONTEVEDRA</b> Concello de Barro Concello de Campo-Lameiro Concello de Poio			

Subscripción e envío gratuito. Solicitudes: Servicio de Programas e Vixilancia Epidemiolóxica D.X.S.P. Consellería de Sanidade e Seguridade Social. San Caetano, Bloque 2. C.P. 15704 Santiago de Compostela. A CORUÑA.



CONSELLERÍA DE SANIDADE  
E SEGURIDADE SOCIAL